



[Video] Nueva paliza a Noelia Cotelo en el Centro Penitenciario de Brieva

GALIZACONTRAINFO/AFAP-GALIZA :: 14/04/2013

Nueva paliza a Noelia Cotelo en el centro Penitenciario de Brieva. Galizacontrainfo entrevista a su madre

Desde la web de la Asamblea de Familiares e Amigxs das Persoas Presas (AFAPP) comunican las siguientes palabras de Lola, la madre de Noelia, sobre una nueva agresión a Noe por parte de carceleros: "Ayer mi hija no pudo hablar conmigo. Le dieron otra paliza de muerte, tiene un ojo que no puede abrirlo, el cuerpo lleno de moratones de los porrazos que le dieron, la columna también y apenas puede sostenerse en pie, un oído que apenas oye, hoy cuando me llamó me dijo que temía por su vida cuando la sacaron de la ducha desnuda y delante del Jesús, el que intentó violarla y la jefa de servicios, en total cree que eran unos 10, yo temo mucho por la vida de mi hija, el médico Juanjo pasa de ella, se intentó llevar un médico de fuera y no lo dejan entrar, pido ayuda si alguien puede ayudarla, quiero ver a mi hija viva, no me dejan verla, me dicen que es orden del director. Gracias a todos que por lo menos me escucháis, un abrazo" Ante esto, y ante las torturas físicas y psicológicas que Noe está sufriendo de forma reiterada sólo nos queda aumentar la solidaridad del modo en que cada unx considere oportuno e insistir en acciones como el envío masivo de faxes al director de la cárcel de Brieva (principal responsable de la situación que atraviesa Noelia), a la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y a la llamada "Defensora" del pueblo. También es importante que escribamos a Noelia cartas para romper el aislamiento y que no se sienta sola. Por favor, máxima difusión y que la solidaridad se extienda. Si tocan a una, nos tocan a todxs. ¡A Noelia la están asesinando! Para escribir a Noelia: Noelia Cotelo Riveiro CP Brieva. Ávila Ctra de Vicolozano 05194 **Noelia non está soa. Stop Malos Tratos. Stop Dispersión.** Noelia. 25 anos. Unha persoa. Unha muller. Unha rapaza, que o Estado, o xuíz, o carcereiro deciden pechar. Deciden quitarlle a liberdade. Deciden maltratala, illala, vexala, violala, afastala da súa terra. E todo isto coa complicidade dun sistema o que non lle interesa acabar con as vexacions e os malos tratos, coa complicidade de cada unha e cada un de nós. Entra na cadea pra cumprir un ano e medio, agora leva 5 e non coñece nin cantos lle quedan. 5 anos aguantando todo tipo de presións e malos tratos, 5 anos nos que a institución non parou de facerlle a vida imposible a ela e a sua familia lonxe da sua terra. Se non o evitamos seguirán facendo que as bágoas surquen as meixelas da súa nai. Impunes estanllo a facer a Noelia, a Laura, a Daniel, a Óscar, a cada unha e cada un d@s nos@s fill@s, a todas as que decidan protestar. E hora de que os familiares e amigos das persoas presas nos organizemos e acompañemos ós nosos irmáns e irmás na súa loita pola xustiza, por un trato digno e unha nova forma de solucionar os problemas sociais. Xuntas somos máis fortes. **BASTA XA. REMATOU...** Rematou a espera. Agora esiximos. Agora plantamos cara. Agora estamos unidas. Esiximos que cesen todos os malos tratos, torturas, tratos degradantes, empurróns e incluso palabras mal soantes, en todas as prisións. Abonda de complicidade de médicos e xuíces. Esiximos que non se repita nunca máis un episodio de violencia machista, ningunha vexación, nin un solo ataque sexual máis. Esiximos que as familias fiquen unidas, que ningunha lei ou pena poida separalas. Non á

dispersión das persoas presas, cada unha na súa terra. Non ós constantes cambios de prisión. Esiximos que toda persoa enferma sexa tratada con dignidade, que se lle suministre o seu tratamento, que sexa recibida polo persoal médico necesario. Abonda de negligencias médicas, que non se xogue ou pacte coa súa saúde, que a sanidade, xa non tan universal, chegue a elas. Ningunha morte máis dentro das prisións. Esiximos que non se nos minta máis. Reinsertar non é illar. As persoas non precisamos que nos reinserten en ningún lugar, necesitamos respecto. O odio e a violencia tan só xeneran máis odio e violencia. Esiximos que a transparencia tan citada chegue a Institucións Penitenciarias, e a todo o relacionado con elas. Non máis impunidade, non máis asasinatos estatais sen culpables. Esiximos que remate toda esta farsa. Que a pobreza non se castigue coa prisión. Que a prisión non viva dos pobres. O remate do sistema mercantilista, somos perosas, non moedas. Noelia non é a única. Hai moitas Noelias, e a seguinte pode ser calquera de nós. Abride os ollos, abride o corazón. Poñédevos no seu lugar, no lugar da súa familia, no lugar dos seus amigos, no lugar de aquelas que a aman. Non podemos seguir mirando cara outro lado. Non queremos que os muros das prisións sexan opacos. Atrevédevos a amar, a apoiar, a sentir... Saiámonos do camiño establecido e loitemos xuntas. Porque non vamos a permitir nin unha soa mostra de violencia opresora máis. Porque se non agora, ¿cando? Queremos que traian a Noelia a Galiza e cese a dispersión de todas as persoas presas. Queremos que cesen inmediatamente os abusos e malos tratos, esiximos un trato digno e humano para Noelia e todas ás persoas presas Queremos que se investigue o intento de violación cometido no cárcere de Ávila, denunciado como abuso sexual, lesións e torturas depurando responsabilidades. Queremos que os organismos encargados de vixiar que se respectan os Dereitos Humanos das persoas presas actúen. Tendo en conta que estes feitos se notificaron ao Valedor do pobo e os xulgados de Vixilancia Penitenciaria, deben investigar e esclarecer o sucedido, de non suceder así poderemos considerar que estes organismos son obsoletos, ineficientes e cómplices das torturas, malos tratos e violacións que se sofren nos Centros Penitenciarios.

NOELIA NO ESTÁ SOA, QUERÉMOLA NA NOSA TERRA XA SOLIDARIEDADE CO NOELIA E TODAS AS PERSOAS PRESAS assemblea de familiares e amigos das persoas presas afapp.gz@gmail.com **más info:** Asamblea de familiares y amigxs de personas presas: <http://afapp-gz.blogspot.com.es> Firma por Noelia: <http://afapp-gz.blogspot.com.es/p/firmas-noelia.html> Material sobre Noelia: <http://afapp-gz.blogspot.com.es/p/firmas-noelia.html>

<https://galiza.lahaine.org/video-3>